

Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA VINTE E OITO DE FEBREIRO DE DOUS MIL DOCE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás dezaseis horas e trinta minutos do serán do vinte e oito de febreiro de dous mil doce, réunese en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Don Juan José Ramos Prieto, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmorís Aldao, Don Benigno Galego Castro, Don Álvaro Rodríguez Graña, Don Cándido Eusebio Prieto Lago e Don Roberto Oscar López López, baixo a Presidencia de Dona Ana Rodríguez Montero como Alcaldesa. Non asistiu María José López Lamigueiro. Actúa de Secretaria Dona Paula Díaz Tie. De seguido pásanse a debate-los asuntos da orde do día:

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DO PLENO DO DÍA VINTE E DOUS DE DECEMBRO DE 2011. - Os membros do Pleno fixeron as seguintes observacións á acta.

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro solicita que se emenden os apelidos do Concelleiro D. Cándido Prieto Lago en lugar de Prieto Hermida que aparece recollido na acta

O Concelleiro D. Roberto Oscar López López solicita que no punto terceiro que figure na súa intervención que solicita que os recibos plasmen a lectura anterior e actual e non posterior como aparece na acta

Unha vez manifestado estas observacións, e por unanimidade dos presentes aprobaron a acta anterior.

2.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS 2011. lida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Ante a obriga legal de rectificación do inventario de bens con carácter anual establecido nos seguintes preceptos legais: artigo 278 da Lei 5/1997 do 22 de xullo de administración local de Galicia, artigos 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia local e os artigos 33 do Real Decreto 1372/1985 de 13 de xuño polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais, e unha vez presentado os informes, certificacións e documento técnico sobre a valoración e rectificación dos bens, esta alcaldía propón ó pleno a adopción do seguinte acordo: **PRIMEIRO: Rectificar o inventario de bens do Concello de Cerdido incorporando os seguintes bens:**

1 – Inmables

Nome	Identificación Referencia catastral	Importe	Acordo, Recepción da obra	C X. ¹
Abastecemento de auga a Rocha Carballeiro	Lugares de a Rocha, Carballeiro, Picadeiro, Felgasas de Abaixo, Viladóniga a Regueirolongo, A Vila da Igrexa, A Paleira a Casilla,	104,725,00 €	11/10/2011	1
Edar na Vila da Igrexa	A vila da Igrexa	76.075,55 €	6/6/2011	1
Refuxios para viaxeiros	M 44.-Pontellas (Madeira) M 45 - A Torre (Madeira)	1351,78 € 1351,78 €	Decreto 20/12/2011	1


2.- Mobles

Nome	Identificación do ben	Valoración	Acordo	C X
Epígrafes 2	100 composteiros de 320 l.	6.608,00 €	Decreto 15/11/2011	2
Epígrafe 7 Nº15 Mobiliario piscina	1.- 4 Taquilla Fenólica 180x30x50 con pechadura de moeda recuperable 2.- 10. colar flotación	1357,00 € 100,03 €	Decreto 20/12/2011	2
Epígrafe 7 Nº 17 Equipamento deportivo	Xogo de canastas con altura regulable taboleiro fibra de vidro	852,39 €	Decreto 20/12/2011	2 2
Epígrafe 7 contedores de lixo	20, contenedores amarelos	Non consta o seu valor	Aceptación cesión 15/07/2011	

2.- Vehiculos

Epígrafe 5 nº orden 1	Desbrozadora lateral de brazo telescópico marca GL1 Modelo PROF 620 Telescopic equipada con: Brazo articulado de 6,25 m de alcance, 2º brazo con extensible hidráulico telescópico, cabezal articulado de 1,30m de labor,	18,000,00 €	Decreto 26/8/2011	2
-----------------------	---	-------------	----------------------	---

1.-CX. Cualificación xurídica: 1. Ben de domino público de uso público e 2.Ben de dominio público de servizo público



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgasas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

Epígrafe 5 nº orden 1	Biotrituradura helicoidal	501,5 €	Decreto 20/12/2011	2
-----------------------	---------------------------	---------	-----------------------	---

SEGUNDO: Rectificar o inventario de bens do concello de Cerdido, procedendo a incorporar as variacións dos seguintes bens xa inscritos.

N °	Nome	Asento a modificar	.Observacións
0008	Escola de indianos de Avispeira	Titulo:Cesión do uso por 30 anos ata 16/12/2041	Acordo pleno 28/11/2011 Formalización convenio 16/12/2011
0009	Escola de indianos de O Castro	Titulo: Cesión de uso por 30 anos. Ata 16/12/2041	Acordo do pleno 28/11/2011 Formalización convenio 16/12/2011
0007	Escola Unitaria campo da Igrexa	Melloras: Pavimentación do aparcamento	Prezo: 2.497,79 € Acordo:

TERCEIRO:Desafectar do uso publico o camiño, denominado T 029 cunha lonxitude de 770 metros e unha anchura de 4 metros no lugar de O Piñón, segundo o establecido no acordo do Pleno do vinte e oito de febreiro de 2011, pasando a ser un ben patrimonial polo que procede a súa inclusión no apartado de fincas. Cerdido, 2 de febreiro de 2012.A Alcaldesa. Asdo. Ana Rodriguez Montero. **Os membros do Pleno por unanimidade dos asistentes aprobaron a moción anterior**

3.- DECLARACIÓN DE PARCELA SOBRANTE DUNHA PARCELA LOCALIZADA NO LUGAR DE O PIÑÓN, DUNHA LONXITUDE DE 770 M E CUN ANCHO MEDIO DE CATRO METROS E MEDIO. Lida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Atendendo os seguintes antecedentes de feito:

Logo da cambio de cualificación xurídica do ben, antes inscrito como camiño publico T029 no inventario de bens do concello, realizado por acordo do Pleno do día oito de febreiro de 2011, motivado porque non tiña o uso de comunicación entre lugares e dado o interese do colindante da parcela para proceder o seu alleamento e posto que a parcela pode ser considerada como parcela sobrannte debido que a súa extensión e forma non lle posibilitan o seu uso axeitado, e tendo en conta os informes xurídico de data 1 de febreiro de 2012 asinado pola Secretaria do Concello e o informe técnico asinado por D^a María del Carmen Nóvoa Sío, Arquitecta encargada do servizo técnico municipal. E, considerando aplicable a **seguintes lexislación**, Artigos 7 e o do Regulamento de bens das entidade locais aprobado por Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño.Artigo 22 da Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases de réxime local. Esta Alcaldía propón **o pleno a adopción do seguinte acordo: Primeiro:** Declarar la parcela de 770 m de longo e un

ancho medio de catro metros que atravesa a parcela con referencia catastral 15025A059002710000BF, (polígono 59, parcela 271) en dirección sudoeste, estado identificado no catastro como parcela h, como parcela sobrante, de conformidade cos artigos 7 e 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, por o que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais. **Segundo:** Iniciar un período dun mes, mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello para que calquera interesado poida presentar alegacións. No caso que non se propuxera alegación algunha este acordo entenderase definitivamente aprobado. Polo que se procedera a anotar no Libro Inventario de Bens da Corporación a alteración de la cualificación xurídica do ben e, e trasladar o Rexistro da Propiedade para que proceda a deixar constancia de este cambio mediante os correspondentes asentos ou anotacións rexistras. Cerdido, 6 de febreiro de 2011, A Alcaldesa. Asdo. Ana Rodríguez Montero. **Os membros do Pleno por unanimidade dos asistentes aprobaron a moción anterior**

4.- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AXENCIA TRIBUTARIA DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN. lida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Logo de recibir a proposta da Axencia Tributaria para adherirnos o convenio asinado coa Federación Española de Municipios e Provincias para poñer a disposición das Administracións Públicas o subministro de información, que permite solicitar e recibir información tributaria en nome dos contribuíntes, posibilitando entre outros a emisión no propio concello de certificados de renda, de prestación sociais e de bolsas e co gallo de evitar desprazamentos os veciños as oficinas da axencia tributaria e proceder a unha colaboración entre as distintas administracións mais áxil e eficaz, esta alcaldía propón a adopción do seguinte acordo: **Primeiro:** Adherirnos integramente o Convenio suscrito ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de subministro de información de carácter tributario. Cerdido, 30 de xaneiro de 2012. A Alcaldesa. **Os membros do Pleno por unanimidade dos asistentes aprobaron a moción anterior**


A Alcaldesa, manifesta que con este convenio se pretende facilitar os veciños a solicitude de informes a facenda sen ter que desprazarse a Ortigueira.

O Concelleiro D. Cándido Prieto Lago pregunta si se poderán realizar os trámites con DNI electrónico e si eses informes valen para outras administracións.

O Concelleiro D. Roberto O. López López pregunta se estes informes poden ser para todo o que se tramite no concello ou para outros trámites

A Alcaldesa contesta que pensa que serve para todos os procedementos

5.- PLAN COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2010. BAIXAS DE LICITACIÓN
Lida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Tras a remisión por parte da Deputación de A Coruña da circular ós concellos para asignación provincial pendente de consumir con baixas de licitación e o abeiro do disposto nas bases modificadas do Plan de Cooperación Concello (PCC) 2008-2011 publicación no Boletín Oficial da Provincia de data 29 de xuño de 2010 esta alcaldía propón a adopción do seguinte acordo: Primeiro Participar no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 da



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgasas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2010, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
Saneamento Calmourel a Rego da Madeira (Os Casas) e outros	39.870,57	1.993,53 €	37.877,04
TOTAL	39.870,57€	1.993,53 €	37.877,04€

Aprobar o correspondente proxecto técnico. **Segundo:** Declarar que o Concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra. **Terceiro:** Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento. **Cuarto:** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe. **Quinto:** Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social. **Sexto:** Facultar á Sra. Alcaldesa para executar todo o relacionado co presente acordo. Cerdido, 22 de febreiro de 2012.A Alcaldesa. Asdo. Ana Rodríguez Montero. **Os membros do Pleno por unanimidade dos asistentes aprobaron a moción anterior.**

A **Alcaldesa** explica que son as baixas de licitación do PCC, que se deben investir en saneamento ou abastecemento de auga.


6.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE CERDIDO RELATIVA O ORDENAMENTO E REGULACIÓN ACAIDOS EN RELACIÓN COA CORTA, DEPOSITO E TRASPORTE DE MADEIRA DOS MONTES DO NOSO CONCELLO. Lida a moción seguinte: O Grupo Municipal Socialista de Cerdido, en base á disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normas que resulten de aplicación, presenta diante do Pleno da Corporación Municipal esta MOCION, relativa ó ordenamento e regulación acaídos en relación coa, corta, depósito e transporte da madeira dos montes do noso municipio, en base ós motivos e consideracións recollidos na seguinte. **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**A superficie forestal de Cerdido equivale a algo máis do 64% da extensión total do concello, contando ademais cun territorio e un clima axeitados que propician a explotación do potencial produtivo e o

aproveitamento de diversas especies forestais. O Concello carece dunha ordenanza que regule aspectos de interese relacionados coa actividade forestal, como son aqueles que afectan ás plantacións forestais, ó depósito, carga e transporte da madeira procedente das talas. Por outro lado, ós veciños das distintas parroquias preocupánlles os danos e os estragos ocasionados nos camiños públicos e o deterioro das vías públicas como consecuencia das operacións de amoreamento, carga e transporte da madeira vendida para a súa comercialización, nos últimos días puidemos comprobar os graves danos que se causaron nas pistas de Soosloureiros, Os Castros, O Carballeiro, etc debido o incremento da actividade forestal. Nalgúns casos as pistas quedaron intransitables e cheas de lama co conseguinte perxuicio para a veciñanza, mesmo se tirou sinalización vertical, a resposta do Concello foi que se procuraría limpar coa motobomba do Concello, unha solución de emerxencia que non remedia o problema e supón un custo para as arcas Municipais, mentres as empresas madeireiras non asumen os danos. Correspóndelle o concello, no ámbito das súas competencias, dar resposta e resolver esta situación que crea malestar entre os veciños ó mesmo tempo que ocasiona danos que afectan ó patrimonio e ó presuposto municipal. Polo que, Somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que adopte o seguinte ACORDO: Que o Concello, dentro do seu ámbito competencial, regule aqueles aspectos máis relevantes relacionados coas plantacións forestais, o depósito, carga e transporte da madeira vendida para a súa comercialización. Que a ordenanza a aprobar polo Pleno teña en conta os intereses dos veciños e se elabore co maior consenso posible dos grupos políticos municipais e das parte afectadas. Asdo.: O portavoz do grupo municipal socialista. **Benigno Galego Castro. Os membros do Pleno en votación ordinaria e polo voto de calidade da Sra. Alcaldesa rexeitaron a mocion.** Catro votos a favor dos Concelleiros Don Benigno Galego Castro, Don Álvaro Rodríguez Graña, Don Cándido Eusebio Prieto Lago e Don Roberto Oscar López López e catro votos en contra da moción dos Concelleiros Juan José Ramos Prieto, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmoris Aldao, e o voto da Sra. Alcaldesa

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro explica que o que se pretende con esta moción non é prohibir a corta ou a saca de madeira, senón que se pretende facer dunha maneira ordenada, recentemente a pista de Sooloureiros quedou intransitable e moitas veces desaparece sinalización horizontal e ata alumbrado público. O que se trata é que as arcas municipais non teñan que financiar estes danos. Anuncia que esta aberto a consensuar estas medidas con todos os grupos políticos así como as partes afectadas.

A Alcaldesa afirma que o Concello dispón de regulación en relación a distancia de plantación e entende que a imposición dunha taxa é un tema complicado dado que os vehículos non se lle pode poñer unha taxa por circular polas pistas o que se pretende é quen realice un estrago o pague pero é un tema complicado de regular porque non hai policía local que o controle. Na pista de Sooloureiros veu un tractor a limpar a pista e entende que se molesta os veciños no momento da saca da madeira pero é nun momento puntual. Informa que se esta a reunir cos alcaldes dos concellos da comarca para elaborar unha normativa común así como a FEGAMP para que regule tamén esta materia.

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro, afirma que en ningún momento da moción se falou dunha taxa e entende que o tema da saca e o depósito de madeira non ten



Concello de Cerdido

(A Coruña)

Felgasas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

regulación municipal e entende que o Pleno pode nomear a unha persoa que controle os permisos, hai concellos que non teñen policía local e contan con normativa reguladora deste tema. e entende que a normativa pode establecer que antes de realizar a corta se debe pasar polo Concello a solicitar un permiso e isto entendo que é legal, podéndose realizar a través dunha fianza, e non impoñer ningunha taxa.

O Concelleiro D. Roberto O. López López explica que este tema ven de antigo e que xa no ano 1999, presentara unha moción sobre o mesmo tema e entende que é necesario unha normativa para poderlle esixir o seu cumprimento. En relación as taxas entende que non se pode realizar por paso de vía, pero si por actividade municipal, entende que este tema debería ser regulado na vindeira Lei de montes que esta en tramitación no Parlamento dado que a Xunta conta con medios económicos e persoal para poder facer cumprir esta normativa. Entende que é positivo que haxa encontros con concellos limítrofes para regular este tema é anuncia o seu apoio a moción debéndose realizar consultas cos veciños, asociacións de veciños e grupos políticos no momento da súa elaboración

A **Alcaldesa** anuncia o seu voto en contra porque esta a espera dos resultados da reunións de Santiago.

7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CERDIDO, DE APOIO Á INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A DEFENSA E PROMOCIÓN DA SANIDADE PÚBLICA EN GALICIA. Lida a moción seguinte: Grupo Municipal do BNG de Cerdido. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS. A Plataforma SOS Sanidade Pública está a promover unha Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) coa finalidade de deter a política de recortes e privatizacións da Sanidade Pública impulsada polo actual Goberno Galego e co fin de garantir o dereito constitucional á protección da saúde dos galegos e galegas. O artigo 43 da Constitución recoñece o dereito á protección da saúde, correspondendo aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública, mediante as medidas preventivas, as prestacións e os servizos necesarios. É competencia do Goberno da Xunta de Galiza, o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior, así como en materia de Seguridade Social, excepto as normas que configuraron o seu réxime económico. A sanidade pública constitúe -xunto co ensino e os demais servizos públicos- un elemento básico do Estado Social e un claro indicador de equidade e solidariedade. Nas últimas décadas, porén, estes principios aparecen cuestionados por unha campaña neoliberal de ataque e desmantelamento dos sistemas públicos de saúde. A decisión de combinar unha redución do orzamento sanitario co recurso ao sector privado para construír, restaurar, equipar e xestionar os centros sanitarios leva ao sistema a unha situación de limitación dos recursos necesarios para o mantemento da actividade dos servizos, e a un grao de endebedamento incompatíbel co sustento do sistema público, cando menos nas condicións actuais de universalidade e gratuidade no


momento do uso, e que garanten a accesibilidade á atención de saúde e condicións equitativas para toda a poboación. A finalidade da proposición de Lei, presentada pola Plataforma SOS Sanidade Pública vía iniciativa popular, é frear esa tendencia privatizadora mediante a defensa e promoción da sanidade pública galega como garantía para a efectividade do dereito constitucional á protección da saúde. Así pois, a proposición de Lei opta expresamente pola xestión pública directa das institucións sanitarias do Sistema de Saúde de Galiza, na liña histórica marcada pola Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, Rexéitanse así as fórmulas de colaboración público-privada (private finance initiative ou concesión de obra pública), que en países do noso contorno produciron un contrastado empeoramento da calidade asistencial e un enorme aumento dos custos sanitarios. A proposición de Lei pretende tamén mellorar o servizo público prestado á cidadanía incrementando a capacidade resolutiva en atención primaria como instrumento de achegamento dos servizos de saúde ao territorio e que terá unha grande incidencia na redución dos tempos de espera hospitalaria. Finalmente, a proposición de Lei configura un sistema de xestión descentralizado territorialmente, promovendo a autonomía das áreas sanitarias, sen que isto supoña a renuncia a decisións centralizadas sobre cuestións concretas que melloren a efectividade das decisións. Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes ACORDOS.

PRIMEIRO- Manifestar o apoio da Corporación municipal á Iniciativa Lexislativa Popular impulsada pola Plataforma SOS Sanidade Pública e dar traslado do mesmo á presidenta do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza. **SEGUNDO-** Animar aos veciños e veciñas do noso concello a colaborar con esta iniciativa. **TERCEIRO-** Instar á Xunta de Galiza e á Consellaría de Sanidade a garantir a Sanidade Pública como servizo universal, gratuíto e de calidade e a manter a xestión pública e directa do Sistema de Saúde de Galiza. Cerdido 8 de febreiro de 2012. Asdo. Roberto Ó. López e López.. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade a moción anterior unicamente no seu punto terceiro e engadíndolle o final o seguinte: que se siga mellorando a atención primaria**

O Concelleiro D. Roberto O. López López explica que o que se solicita e o apoio a unha iniciativa lexislativa popular promovida por SOS Sanidade pública que pretende facer chegar a preocupación da cidadanía pola actual xestión da sanidade pública e pola súa privatización, xa na actualidade se dan cansos de persoas que reciben a factura dos servizos de urxencia recibido ata no caso de menores de idade. Os hospitais se financian con entidades privadas pero a larga saen moito mais caros, e todos coñecemos como funciona o sanidade privada co caso do hospital xeral de Caranza, polo mesmo que se manteña como ata agora ou que se mellore.

A Alcaldesa anuncia que lle parece ben instar a xunta para que a sanidade sexa pública e gratuíta o que non lle parece ben e o apoio a plataforma dado que pensa que é so para manifestarse polo que apoiaría o punto terceiro da moción co inciso de que se siga mellorando a atención primaria

O Concelleiro D. Roberto O. López López anuncia que lle vale a solución sempre que se comprometa a que a través dos medios de comunicación se dea a coñecer esta moción, A moción é de apoio a Plataforma pero a miña prioridade non lle de facer



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgasas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

propaganda a plataforma senón de dar a coñecer a preocupación dos veciños respecto a situación da sanidade polo que admite retirar o punto primeiro e segundo da moción

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro afirma que esta a favor da moción e que a Plataforma SOS Sanidade Pública non ten color político e non entende porque esta plataforma non é un interlocutor válido. Afirma que non se poden facer recortes na sanidade pública como anunciou recentemente o colexio de médicos e enfermeiras.

8.- MOCIÓN SOBRE AS CONTINUAS ANOMALÍAS NO FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE APOIO A MOBILIDADE PERSOAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E/OU DEPENDENTES 065. Lida a proposta seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.1. Dende hai tempo AS.PA.NE.MI. ; A.C.A.M.F.E.; e DIVERFFEC Ferrol, véñense facendo eco das numerosas protestas que circulan entornando ao funcionamento do coñecido “065”:a. Cancelacións sen antelación suficiente b. Atrasos entre 15-45 minutos. Non teñen en conta o catálogo de prioridades. No decreto no que se regula o Transporte Adaptado, artigo 16.2Q, di que se deberá contratar o servizo, “sempre que sexa posible” con 48 horas de antelación, sen embargo, non admiten ningunha contratación sen previo aviso de 1 semana.. No mesmo artigo 16.4º, recóllese que a comunicación da prestación do servizo ou a imposibilidade de realizalo efectuarase coa debida antelación de acordo coa natureza do servizo demandado; sen embargo, dende o Centro de control non se confirma a dispoñibilidade do mesmo, e no caso de que sexa a persoa usuaria a que chame ao centro de control para confirmar o servizo, a atención que recibe por parte das persoas responsables do mesmo non é axeitada. Creemos, por tanto, que a Xunta, como responsable do Servizo Galego de Apoio á mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou dependencia regulado no Decreto 195/2007 do 13 de setembro (DOG 202, do 18 de setembro) ven incorrendo no incumprimento dos fins e obxectivos que se regulan no Decreto.2. O citado Decreto, no seu artigo 3.12 establece como obxectivo xeral do mesmo o de normalizar as condicións de vida, favorecer a autonomía persoal e facilitar a integración social das persoas usuarias. Así mesmo, no artigo 3.22 fálase da garantía de acceso, en condicións de igualdade efectiva, favorecendo así a súa comunicación e participación no seu contexto habitual. Na mesma liña, o artigo 3.22c di que se dispoñerá dos recursos para a normalización da realización das actividades instrumentais e básicas da vida diaria das persoas discapacitadas e/ou dependentes.3. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2º, encomenda aos poderes públicos de Galicia a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, deben do remover os atranco as que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a participación de todos os galegos e galegas na vida económica, cultural e social.4. Con base na referida atribución competencial, aprobouse a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais (DOG nº 76, do 23 de abril), que ven ordenar e regular os aspectos básicos dun sistema integrado de servizos sociais definido como servizo público da Comunidade Autónoma de Galicia. No artigo 3, a

devandita lei define os principios inspiradores do sistema de servizos sociais, entre os cales se contemplan o de responsabilidade pública e o de normalización e integración.


5. A citada Lei, no seu artigo 5.3º, entre as súas área de actuación, as dirixidas ás minusvalideces, á vellez e á comunidade en xeral, ademais de establecer, no seu artigo 13, como programas propios dos servizos sociais de atención especializada na área de actuación das minusvalideces, entre outros, a supresión de barreiras arquitectónicas, urbanísticas e do transporte, ademais das axudas técnicas e cantos outros sexan favorecedores da súa autonomía persoal e integración social. **POR TODO ISTO, PROPOÑÉMOSLLE AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO** Instar á Xunta de Galicia a: 1. Como responsable do servizo, que cumpra co establecido no Decreto 195/2007, do 13 de setembro e coa Orde que o desenvolva (Orde do 9 de setembro de 2008) 2. Que se cumpra a orde de prioridades establecida no catálogo de servizos aprobado pola Orde do 9 de setembro de 2008.

3. Xestionar con maior eficacia o servizo esixindo unha maior organización para evitar as cancelacións e os continuos atrasos que incorrerían no incumprimento do establecido no Decreto anteriormente mencionado. Narón a 15 de decembro de 2011. **Asoc. Pais de nenos con minusvalía. Asoc. Usuarios de CAMFE. DIVERFEC-Ferrol. Asdo. Roberto López López. Os membros do Pleno por unanimidade dos presentes prestaron aprobación a proposta anterior.**

O Concelleiro D. Roberto O. López López esta moción esta asinada por tres entidades as que apoia, pero non a presenta como grupo político, entende que é necesario aprobala porque a Administración ten un compromiso coa cidadanía e debe cumprilo, solicítase o cumprimento do que esta aprobado por Lei, as persoas deben recibir o servizo e se debe xestionar o mellor posible para solucionar os problemas.

O Concelleiro D. Cándido Prieto Lago, afirma que é un desastre a coordinación e planificación do servizo do 065, recentemente cambiaron a súa sede a Ourense o que leva consigo mais incoordinación, hai casos concretos como o de Maira pero tamén servizos desaproveitados como no caso de Xermade que hai condutores de Santiago para facer un único servizo.

9.- MOCIÓN DO BNG DE CERDIDO POLO 8 DE MARZO DE 2012, DIA INTERNACIONAL DAS MULLERES. Lida a moción seguinte: Grupo municipal do BNG.A crise económica e social que estamos a vivir e a falta de alternativas xustas e sociais dende os gobernos do Estado e de Galiza, golpea de maneira especial ás mulleres. A feminización da pobreza é xa un feito na nosa sociedade facendo desaparecer avances acadados en decenios de esforzos de acción positiva. O paro feminino medra por riba do masculino así como o número de mulleres inactivas que desisten de buscar emprego. A nova precarización do mercado laboral e o recorte nas pensións afectará máis negativamente ás mulleres, que son maioría nos traballos a tempo parcial e na economía somerxida, cun promedio de menos anos de cotización e tamén son maioría como perceptoras de pensións non contributivas. Os recortes de servizos sociais e de atención á dependencia forzan a máis mulleres a asumir de novo o papel de coidadoras non retribuídas. Todos eles son pasos atrás na procura da independencia económica imprescindible para rachar situacións de convivencia de parella violentas. Ante este deterioro das condicións de vida das mulleres galegas, a Xunta de Galiza renuncia a utilizar as súas competencias para fortalecer as políticas de



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

igualdade e redistributivas e convértese en axente activo do recorte dos dereitos da cidadanía. Neste 8 de Marzo de 2012. Día Internacional das Mulleres, o BNG quere facer especial incidencia no retroceso democrático que supoñerá a anunciada derogación da norma que actualmente regula a interrupción voluntaria do embarazo. Unha demanda de décadas das mulleres que se cumpriu hai escasos meses e que o Partido Popular anuncia que dismantelará como tantas outras políticas públicas de igualdade. A despenalización do aborto democratizou o acceso á prestación e aliviou a presión moral que se exercía sobre as mulleres que decidían non continuar cun embarazo. A normativa ameazada incorpora políticas de información e prevención de embarazos non desexados, elemento clave en calquera política que pretenda diminuír a súa incidencia. Non hai razóns sanitarias ou sociais, non hai polémica alén da provocada polos grupos radicais conservadores e a xerarquía católica, que xustifique un retroceso de tal calibre. Dende as institucións onde o BNG ten presenza, dende a rúa xunto coas mulleres militantes feministas que non renuncian a reivindicar os dereitos de cidadanía da outra metade da humanidade, reclamamos o mantemento da lexislación actual e reclamamos que esas institucións se pronuncien no mesmo sentido. Polo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte. ACORDO.1. O Concello comprométese a defender os dereitos das mulleres e manifestarse contra a derogación da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de Saúde Sexual e Reprodutiva e da interrupción Voluntaria do Embarazo, que garante para elas a libre decisión sobre a súa maternidade.2. Pedirlle á Xunta de Galiza que inste ao Goberno do Estado ao mantemento da devandita lei.3. Demandar do Goberno da Xunta de Galiza o desenvolvemento de medidas relativas á información e á educación afectivo sexual e reprodutiva, garantindo o acceso universal aos servizos e programas de saúde sexual e reprodutiva, o acceso a métodos seguros e información sanitaria sobre a anticoncepción e prevención de enfermidades de transmisión sexual.4. O Concello apoia a mobilización reivindicativa dos dereitos das mulleres convocada para o 11 de Marzo, Día Internacional das Mulleres, polas organizacións feministas actuantes en Galiza.5. Enviarlle este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza e ao Presidente do Goberno do Estado.

Cerdido, 17 de febreiro de 2012. Asdo. Roberto Óscar López e López. OS Membros do Pleno en votación ordinaria e polo **Os membros do Pleno en votación ordinaria e polo voto de calidade da Sra. Alcaldesa rexeitaron a moción.** Catro votos a favor dos Concelleiros Don Benigno Galego Castro, Don Álvaro Rodríguez Graña, Don Cándido Eusebio Prieto Lago e Don Roberto Oscar López López e catro votos en contra da moción dos Concelleiros Juan José Ramos Prieto, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmoris Aldao, e o voto da Sra. Alcaldesa

O Concelleiro D. Roberto O. López López explica que a lei do aborto facilita as mulleres un mecanismo sanitario e de saúde que antes se tiña que facer a escondidas ou as de mais poder adquisitivo íanse o estranxeiro a realizado, coa actual lei non existen criterios valorativos de terceiras persas e posibilita as mulleres a súa realización nun


prazo legal establecido. O aborto é algo voluntario para as mulleres, ningunha está obrigada a facelo e entende que na sociedade non hai un rexeitamento a esta práctica soamente polos algunhas sectores como a Igrexa Católica. Dende a entrada en vigor desta normativa non se disparou o número de abortos e entende que recortar a lei supón unha perda de dereitos para a sociedade e para a muller

A **Alcaldesa** anuncia o seu voto en contra porque existe un recurso de inconstitucionalidade respecto a este tema e afirma que para facer un tatuaxe é necesario pedir permiso paterno e para abortar non

O Concelleiro D. Roberto O. López López entende que con 16 anos podes entrar no exercito podendo correr perigo a túa vida e tamén te podes casar.

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro, afirma que é favorable a moción e entende que é demagogia central o debate do tema do aborto no suposto do consentimento paterno ou non para as mulleres de dezaseis anos e non entende a postura do Partido Popular cando o propio Ministro de Xustiza di que non vai a prosperar o recurso.

10,- MOCIÓN DO PSOE PARA QUE O CONCELLO DE CERDIDO INSTE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR SOCIAL A PRESTAR DUNHA MANEIRA EFECTIVA E SEN MAIS DEMORA O SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO A VECIÑANZA DE CERDIDO. Lida a moción seguinte: Don. Cándido Prieto Lago, como Concelleiro do Grupo Municipal Socialista do Excmo. Concello de Cerdido ao amparo do disposto no art. 97/3 do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante ese Pleno Corporativo a seguinte: EXPOSICIÓN. O Servizo Galego de Transporte Adaptado 065 (Decreto 195/2007, do 13 de setembro (DOG, nº 2002, de 18 de outubro de 2007). • Orde do 9 de setembro de 2008 pola que se desenvolve o Decreto 195/2007 (DOG, nº 179, de 16 de setembro de 2008). foi posto en marcha pola anterior Xunta de Galicia, tratase dun servizo público para as persoas residentes en Galicia, que teñan recoñecida a súa situación de dependencia, en calquera dos seus grados, ou de discapacidade -a partir do 65 por cento- e acreditada a súa imposibilidade de utilizar medios de transporte colectivos. Entre as funcións do servizo están dar transporte a aquelas persoas que tendo a prestación concedida o necesiten para:- Acudir a consultas ou tratamentos do sistema sanitario cando o desprazamento no sexa competencia do devandito sistema. - Traslados a/ou desde as residencias, Centros de día ou a outros centros sociais do Sistema Galego de Benestar ou de carácter privado. - Trasládarse para a realización de actividades básicas da vida diaria que favorezan a autonomía e o desenvolvemento persoal, tales como: asistencia a xulgados, notaría, xestións de carácter legal ou administrativo; actividades relacionadas co coidado persoal, terapéutico, habilitador ou estético; actividades de carácter sociofamiliar, adquisición de bens e servizos necesarios para as actividades da vida diaria. Trasládarse para a realización de actividades de carácter formativo e educativo. Lamentablemente nos últimos anos vemos como os recortes e o mal funcionamento e planificación do Servizo están a provocar numerosas queixas por toda a nosa Comunidade. De todos ou case todos e coñecido o caso de unha veciña de Cerdido que a pesares de ter concedido o servizo dende o mes de Novembro do ano pasado, (o cal segundo a normativa da Xunta non implica a realización efectiva do mesmo); vemos como seguen a pasar os meses e



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

non dispón de transporte coa conseguinte eiva para a familia e os seus ingresos e co agravante de que esta rapaza que xa convive cunha discapacidade severa non dispón de unha igualdade de oportunidades nun mundo onde as persoas con discapacidade sofren na loita pola súa integración na sociedade. Vemos como moitas veces se fan investimentos millonarios na cidade da Cultura, en exposicións sen público, e nembargante apelase a austeridade na prestación de servizos que deberían ser considerados prioritarios polos nosos Gobernantes. E Por iso que: O Grupo Socialista formula a seguinte Moción, co gallo de que o Pleno se pronuncie sobre a mesma e adopte os seguintes: ACORDOS 1.- Instar á Consellería a poñer en marcha o servizo de transporte adaptado para Maira a maior brevidade posible e cunha combinación de horarios axeitada a súa actividade diaria no Centro APADER. 2.-Enviar copia desta Moción a Conselleira de Traballo, a Delegada Provincial da Xunta e o Valedor do Pobo. 3.- Facer unha campaña onde se dea a coñecer os veciños susceptibles do uso deste medio, o funcionamento e os trámites necesarios para a solicitude do transporte, e o mesmo tempo facer un seguimento dos expedientes. CERDIDO, a 20 de febreiro de 2012 Asdo. Cándido Prieto Lago. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e polo voto de calidade da Sra. Alcaldesa rexeitaron a moción.** Catro votos a favor dos Concelleiros Don Benigno Galego Castro, Don Álvaro Rodríguez Graña, Don Cándido Eusebio Prieto Lago e Don Roberto Oscar López López e catro votos en contra da mocion dos Concelleiros Juan José Ramos Prieto, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmoris Aldao, e o voto da Sra. Alcaldesa

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro explica que a moción ven motivada pola situación dunha veciña dos Casás, que solicitou o servizo en setembro de 2011 e lle foi concedido en novembro de 2011 e entende que é grave que dende o concello non se lle puxera interese no caso e que o concello ten a obriga de tramitar a solicitude.

A Alcaldesa afirma que non sabe cantas veces chamou a Delegación para interesarse do tema e que dende o concello se realizaron todos os trámites. A esa familia se lle deu o servizo de 12 da mañá para levala e recollela as 18:00 a través de carta ou chamada e que rexeitaron ese horario e que se solicitou o servizo cando o pediron porque antes lle pagaban a outra a veciña para que a levaran no coche, pensa que esta persoa non ten unha discapacidade de mobilidade senón outro tipo de discapacidade


O Concelleiro D. Benigno Galego Castro, solicita copia da carta enviada e pregunta cantas veces foi a Delegación para interesarse polo tema e entende que por telefono non se soluciona nada, ademais a familia recibiu a chamada dunha funcionaria que lle dixo que volvería a chamar nunha semana e non o fixo. Entende que ademais con esta moción se pretende que todos os veciños posibles usuarios teñan información deste servizo.

O Concelleiro D. Roberto O. López López engade que o servizo que presta o 065 non é completo, dado que o resto do horario esta ocupado o que se debe perseguir e que este servizo se preste completamente e solicita da Alcaldesa a abstención na moción para que na Delegación reciban o acordo e que se poida completar o horario o antes posible.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN:

11- DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA. lida a relación de decretos pola Secretaria do Concello, a corporación deuse por enterada.

Nº	Data	Descrición
Decembro 2011		
257	19/12/2011	Permisos a funcionarios por asuntos persoais
258	20/12/2011	Declaración de inecesiedade de segregación de parcelas
259	20/12/2011	Extinción da bolsa de contratación de socorrista acuático – monitor de natación e creación dunha nova
260	20/12/2011	Aprobación da oferta para a prestación do servizo de recollida de papel e cartón
261	20/12/2011	Aprobación de cursos subvencionados dos programas de envellecemento activo e políticas de igualdade da Deputación Provincial
262	20/12/2011	Aprobación de pagos
263	22/12/2011	Altas no padrón de habitantes en Casaldaia de Arriba, 1 – Cerdido
264	30/12/2011	Aprobación de pagos
Xaneiro 2012		
1	09/01/2012	Continuidade do contrato laboral da animadora cultural
2	17/01/2012	Aceptación da sentenza polo recurso contencioso administrativo de reclamación patrimonial por accidente de estrada
3	13/01/2012	Lista de admitidos e excluídos na bolsa de contratación de socorrista
4	18/01/2012	Altas no padrón de habitantes en Campo da Igrexa, 13 – Os Casás
5	23/01/2012	Autorización de uso dun local da Casa da Cultura ó PSdeG-PSOE
6	23/01/2012	Autorización de uso dun local do Castro a Airiños dos Carrís
7	24/01/2012	Lista definitiva de admitidos e excluídos na bolsa de contratación de socorrista
8	24/01/2012	Autorización de uso dun local do Castro a Arumes do Castro
9	24/01/2012	Autorización de uso dun local da escola da Avispeira a Arumes do Castro
10	25/01/2012	Reparto do complemento de produtividade
11	25/01/2012	Padrón de contribuíntes da taxa pola recollida de lixo do ano 2012
12	30/01/2012	Contratación de socorrista
Febreiro 2012		
13	02/02/2012	Inicio do procedemento de selección do xuíz de paz substituto
14	06/02/2012	Autorización de uso dun local da escola da Avispeira a Promacer



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgasas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

15	06/02/2012	Autorización de festas na Barqueira
16	06/02/2012	Autorización de peche de estrada por festas na Barqueira
17	07/02/2012	Extinción do contrato de xestión da casa de turismo rural, finca Cabaneiro
18	08/02/2012	Inicio do expediente de contratación da obras: Camiño en Carracedo (Pita Graña a Fercoi) e outros
19	15/02/2012	Autorización de uso dun local da escola da Avispeira a Arumes do Castro
20	15/02/2012	Autorización de uso dun local da Casa da Cultura ó PSdeG-PSOE
21	20/02/2012	Autorización de uso dun local da escola da Avispeira a Promacer

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro solicita a aclaración do contido dos seguintes decretos.

Nº 259/2011 – Extinción da bolsa de socorrista. A alcaldesa afirma se realizou unha nova bolsa porque os anteriores non podían traballar

Nº 260 /2011. Recollida de papel e cartón se solicitaron varias ofertas ? A alcaldesa afirma que se contratou con Coregal a un prezo inferior o do ano pasado e que non se solicitou ningunha outra oferta

Nº2/2012. Sentenza por responsabilidade patrimonial solicitando que se sinalen as pistas.. A Alcaldesa afirma que se perdeu o xuízo polos danos en vehículo polo corzo e se lle pagou o redor de 800,00 €


Nº 17/2012. Resolución do contrato de xestión da casa de turismo rural, se hai penalización por resolución anticipada. A Alcaldesa afirma que se acordou a resolución por mutuo acordo dado que existían problemas para abonar o canon establecido e antes de que a débeda aumentara se acordou a resolución e pensa que non hai penalización.

12.-DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE DO CUARTO TRIMESTRE DE 2011. Lido o informe que figura a continuación, a Corporación deuse por enterada. I.- NORMATIVA APLICABLE.-Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais modificada pola Lei 15/2010, do 5 de xullo.-Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.-Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do sector público.(TRLCSP).**II.- CONSIDERACIÓNS.** En aplicación do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º. 3 e 5º. 4, en canto á obrigatoriedade de informar sobre o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pagamento

das obrigas, que se concretan no art.1º.3 e o art.º 3º. 3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe:O prazo no que as administracións teñen a obriga de abonar o prezos da obrigas, ben recollido no artigo 216 do TRLCSP e na súa disposición transitoria sexta o establecer que: O prazo de trinta días a que se refire o apartado 4 do artigo 216 desta Lei, aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2013. Dende a entrada en vigor desta Lei e o 31 de decembro de 2011, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 216 será **dentro dos cincuenta días** seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato. Entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 216 será dentro dos corenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato. **III.- ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:** Que da execución presupostaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagamentos materiais realizados entre os días 01/09/2011 e 31/12/2011 (cuarto trimestre do 2011) se obtén a seguinte información:

a)Facturas ou documentos xustificativos pagados no trimestre

Pagos realizados no trimestre	Período medio pago (PMP) (días)	Período medio pago excedido (PMPE) (días)	Pagos Realizados no Trimestre			
			Dentro do período legal do pago		Fora do período legal do pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	19,7334	44	135	94.515,06	1	340,34
Aplicados a Presuposto (Capítulo 2) por artigos						
20- Arrendamentos e Canons	0	0	0	0	0	0
21- Reparación, Mantemento e conservación	27,1274	44	28	21,927,36	1	340,34
22- Material, Subministro e Outros	17,4652	0	107	72.587,70	0	0
23- Indemnización por razón do servizo	0	0	0	0	0	0
24- Gasto de Publicacións	0	0	0	0	0	0
26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro	0	0	0	0	0	0
27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0	0	0	0	0	0
2 - Sen desagregar	0	0	0	0	0	0
Pendientes de aplicar a presuposto						



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgasas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

Inversións reais	39,1676	0	3	84,893,61	0	0
Aplicados a Presuposto (Capítulo 6)	39,1676	0	13	84,893,61	0	0
Pendientes de aplicar a presuposto		0	0	0	0	0
Outros Pagos realizados por operacións comerciais						
Aplicados a presuposto	0	0	0	0	0	0
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0	0	0
Sin desagregar						
Aplicados a presuposto	0	0	0	0	0	0
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0	0	0
Total	28,912	44	148	179.408,67	1	340,34

b) Intereses de demora pagados no período

Pagos realizados no trimestre	Intereses de demora pagados no período	
	Número de pagos	Importe total intereses
Gastos Correntes en Bens e Servizos	0	0
Inversións reais	0	0
Outros Pagos realizados por operacións comerciais	0	0
Sin desagregar		
Total	0	0


Que respecto á información relativa ao número e importe de obrigas pendentes nas que se está a incumprir o prazo de pagamento legalmente establecido se resume nos cadros seguintes: **a) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre. (art.º 4º. 3 Lei 15/2010)**

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ó final do trimestre	Período medio do pendente de pago (PMPP)	Período medio do pendente de pago excedid	Pagos Realizados no Trimestre			
			Dentro do período legal pago ó fian do trimestre		Fora do período legal pago ó fian do trimestre	
			Número de	Importe total	Número de	Importe total

	(días)	o (PMPP E) (días)	operacións		operacións	
Gastos en Bens Correntes e Servizos	10,4748	0	25	14,071,98	0	0,00
Aplicados a Presuposto (Capítulo 2) por artigos						
20- Arrendamentos e Canons	0	0	0	0	0	0
21- Reparación, Mantemento e conservación	6,226	0	3	1164,19	0	0
22- Material, Subministro e Outros	6,0188	63	7	3589,29	1	42,95
23- Indemnización por razón do servizo	0	0	0	0	0	0
24- Gasto de Publicacións	0	0	0	0	0	0
26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro	0	0	0	0	0	0
27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0	0	0	0	0	0
2 - Sen desagregar	0	0	0	0	0	0
Inversións reais	26	0	1	31824,45	0	0
Outros Pagos realizados por operacións comerciais	0	0	0	0	0	0
Sin desagregar						
Total	23,3895	63	11	36.577,93	1	42,95

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (art.º 5º. 4 Lei 15/2010):

Facturas ou docum. Xustificativos ó final do trimestre con máis de tres meses da súa anotación no rexistro de facturas, pendentes de recoñecemento da obrigación (Art. 5.4 Ley 4/2010)	Período medio operacións pendentes recoñecidas. (PMOPR)	Pendente de recoñecemento obrigación	
		Número	Importe total
Gastos Correntes en Bens e Servizos			
Inversións reais			
Outros Pagos realizados por operacións comerciais			
Sen desagregar			
Total		0	0



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es


III.- CONCLUSIÓN.É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, proponendo:- Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.- Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no art.º 5º. 4 da Lei 15/2010.Cerdido, a seis de febreiro de dous mil doce. **O Tesoureiro. A Secretaria - Interventora. Asdo. Daniel Rodríguez Fraguela . Asdo Paula Díaz Tie. Os membros do Pleno déronse por enterados**

13.-MOCIÓN DE URXENCIA.

13,1 -A Alcaldesa presenta a moción de urxencia do regulamento das vivendas de emerxencia social por emerxencia social. Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a incorporación da moción a orde do día, polo que a Secretaria deu lectura a moción seguinte:

MOCION PARA A APROBAR O REGULAMENTO DE USO DAS VIVENDAS MUNICIPAIS COMO VIVENDAS DE EMERXENCIA SOCIAL. Exposición de motivos: Ante a situación económica actual e consciente da situación de indefensión e desamparo en que se poden atopar as persoas e/ou familias que por determinadas causas se vexan obrigadas a abandonar o seu domicilio habitual, prevé poñer en funcionamento o servizo de vivenda de emerxencia social destinada a acollementos de urxencia e con carácter temporal. Para o desenvolvemento da citada prestación social propónse o seguinte regulamento das vivendas municipais de emerxencia social do Concello de Cerdido que aparece recollida no anexo deste acordo, polo que a Alcaldía propón o Pleno a adopción do seguinte acordo: **PRIMEIRO:**Aprobar provisionalmente o Regulamento de uso **das vivendas municipais como vivendas de emerxencia social** nos termos que figura no anexo deste acordo. **SEGUNDO..** Someter dita Ordenanza municipal a información pública, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non se presentar reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de Acordo expreso polo Pleno. Anexo: **Exposición de motivos:** O Concello de Cerdido, consciente da situación de indefensión e desamparo en que se poden atopar as persoas e/ou familias que por determinadas causas se vexan obrigadas a abandonar o seu domicilio habitual, prevé poñer en funcionamento o servizo de vivenda de emerxencia social destinada a acollementos de urxencia e con carácter temporal. Para o desenvolvemento da citada prestación social propónse o seguinte regulamento das vivendas municipais do Concello de Cerdido. **Artigo 1.A** Vivenda de emerxencia será xestionada polo concello e ten por obxecto dar refuxio a aquelas persoas e/ou familias que, por diversas causas, requiran unha axuda inmediata. As vivendas que poden ser cedidas serán as que ten o Concello no lugar das Felgosas e

no lugar de Campo da Igrexa nos Casás sempre que non estean alugadas. O servizo de acollemento temporal nas vivendas de Emerxencia Social prestarase nos pisos que o concello destine a acollementos de urxencia temporais e serven para atender situacións críticas determinadas pola carencia de aloxamento ou por graves conflitos convivenciais que poñan en perigo a integridade das persoas. Salvo circunstancias especiais este servizo límitase a facilitar aloxamento, non exercéndose nestes pisos tutela algunha, nin existindo neles persoal ó coidado das persoas acollidas. Unha mesma vivenda de Emerxencia pode ser utilizada simultaneamente para dar solución temporal a problemas de persoas distintas, sempre que as dimensións e equipamento da vivenda o permitan. En ningún caso poderá esgrimirse por parte da persoa beneficiaria ningún tipo de dereito sobre a utilización exclusiva do piso en función da antigüidade nel. **Artigo 2.** Poderán solicitar o acceso ó ingreso na vivenda de emerxencia as persoas e/ou familias que se atopen en situación de necesidade de aloxamento inmediato a causa de: Declaración municipal de ruína inminente da edificación que servía de residencia á persoa ou persoas necesitadas do piso. Relacións familiares insostibles. Sinistro da vivenda (incendio, inundación,...) motivo polo cal quedaron sen vivenda..Outros supostos especiais valorados polo traballador social do Concello En todo caso, a concorrencia de calquera destes motivos ten que ir unida á efectiva falla de recursos económicos cos que a unidade familiar puidera paliar de forma propia e inmediata a súa necesidade de vivenda,. No caso que a renda per cápita familiar supere un 1 do IPREM, procederase ó alugueiro da vivenda nos termos establecidos no programa de aluguer das vivendas municipais aprobado polo Pleno. **Artigo 3.** Será condición para facer uso deste servizo figurar inscrito no padrón de habitantes de Cerdido. **Artigo 4.** A persoa ou familia necesitada da vivenda de emerxencia deberá formalizar a solicitude correspondente no Departamento de Servizos Sociais do concello, segundo a declaración-modelo que figura como anexo ao presente Regulamento, sendo imprescindible que a persoa ou persoas se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias sinaladas no artigo 2. Recibida a demanda de ingreso, o traballador social responsable do servizo realizará o informe preceptivo no que valorará a situación persoal dos/as solicitantes. A selección e resolución das solicitudes presentadas realizarase pola Alcaldía, previo informe do traballador social responsable do servizo. **Artigo 5** O prazo de estancia na vivenda de emerxencia non será superior a 3 meses, podendo ampliarse nos supostos que, previa acreditación da necesidade, sexan informados favorablemente polo traballador social responsable do servizo e autorizado pola Alcaldía. Os beneficiarios deberán comunicar ao concello nun prazo de quince días calquera variación da súa situación persoal, familiar ou económica co gallo de modificar ou ampliar as condicións de cesión da vivenda. **Artigo 6.** Para poder facer uso da vivenda será preceptivo que os/as beneficiarios/as firmen un documento no que se comprometa a:- Cumprir as normas de convivencia durante a súa estancia no piso de emerxencia. - Acatar os deberes que se lle impoñan en virtude do presente regulamento. - Efectuar as oportunas xestións, administrativas e/ou xudiciais no seu caso encamiñadas a solucionar a problemática particular que provocou a estancia no piso de emerxencia. **Artigo 7.** Os/as beneficiarios/as deberán costear os gastos da súa manutención, e os gastos de mantemento da vivenda. **Artigo 8.** A limpeza tanto da vivenda, mobiliario e demais enseres, como da escaleira e portal (como el resto da veciñanza), correrán a cargo do/da beneficiario/a ou beneficiarios/as ocupantes do piso de emerxencia. **Artigo 9.** Non se poderá realizar, á iniciativa das persoas residentes, obra algunha no piso de emerxencia. En caso de algunha avaría nas instalacións,



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgasas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

deberán dar conta inmediata ó Concello de Cerdido O persoal do concello poderá acceder ao piso de emerxencia sempre que o requira para desempeñar o traballo encomendado. **Artigo 10.** Os/as beneficiarios/as da vivenda de emerxencia deberán facer un bo uso dela, coidándoa como si fora propia. Ao finalizar o uso do servizo, o/a beneficiario/a deberá abandonar o piso nas mesmas condicións de habitabilidade que cando ingresou. No suposto de atopar desperfectos na vivenda ocasionados pola utilización indebida ou negligente do/da beneficiario/a do servizo, este/a estará obrigado a asumir os gastos da súa reparación ou reposición. **Artigo 11.** As persoas residentes no poderán almacenar materiais antihixiénicos e/ou perigosos. O concello en ningún caso se responsabilizará das perdas de diñeiro ou outros obxectos de valor depositados polas persoas residentes na vivenda de emerxencia. Só se permitira un único animal de compañía. **Artigo 12.** As infraccións ao disposto no presente regulamento darán lugar á expulsión da persoa residente (e a súa familia, no eu caso) que as teña cometido. Anexo I: contrato de cesión Anexo II: solicitude **CONTRATO DE CESIÓN DE VIVENDA MUNICIPAL** En Cerdido a..... de..... de..... INTERVEÑEN Dunha parte don/dona..... Alcaldesa do concello de Cerdido, con DNI..... en nome e representación do concello de Cerdido, da outra parte don/dona..... con DNI..... **ANTECEDENTES**1. Que o concello de Cerdido, xestiona a vivenda de emerxencia que ten por obxecto dar refuxio a aquelas persoas e/ou familias que por diversas causas quedaron sen aloxamento e requiren dunha axuda inmediata.2. Que don/dona..... solicitou a cesión temporal da citada vivenda de xestión municipal por.....3. Que os Servizos Sociais do concello verificaron a situación de necesidade que plantexa o/a solicitante, quen coñece o carácter provisional da cesión da vivenda.4. Que recoñecéndose ambas partes mutua capacidade para contratar e obrigarse, formalizan o presente contrato con arreglo as seguintes, **CLAÚSULAS Primeiro:** o concello de Cerdido cede o uso da vivenda descrita a don/dona..... que acepta dicha cesión. **Segundo:** o prazo de cesión limitase a tres meses contados a partir da sinatura deste contrato, condición que coñece e acepta don/dona..... o/a cal se compromete, non obstante a efectuar as xestións oportunas encamiñadas a abandonar dita vivenda o antes posible. Excepcionalmente poderase proceder a súa prórroga previa xustificación. **Terceiro:** A vivenda cedida ocuparase exclusivamente por don/dona..... e a unidade familiar que sufriu a situación de emerxencia. **Cuarto:** Non poderán o/a cesionario/a nin os seus familiares, introducir ningún mobiliario nin enseres domésticos, permitíndose unicamente os de uso persoal. **Quinto:** os/as beneficiarios/as deberán costear os gastos da súa manutención, e os gastos de mantemento da vivenda. **Sexto:** Don/dona..... reconece expresamente ter recibido a vivenda descrita cos mobles e enseres relacionados en inventario adxunto en perfecto estado e comprometese a conservalos nas mesmas condicións, debendo ao remate do contrato entregar ao

concello tanto aa vivenda como a totalidade de mobiliario e enseres tal como os recibe. No suposto de atopar desperfectos na vivenda ocasionados pola utilización indebida ou negligente do/da beneficiario/a do servizo, este/a estará obrigado a asumir os gastos da súa reparación ou reposición. **Sétimo:** Don/dona non poderá realizar obra algunha na vivenda cedida. Así mesmo deberá comunicar ó responsable do servizo si se ten que realizar algunha reparación. Cualquera desperfecto ocasionado deliberadamente ou por negligencia será responsabilidade dos/das residentes asumindo o custo da súa reparación. **Oitavo:** obrigase a don/dona a observar dentro da vivenda as normas de conduta que esixe a convivencia entre os membros da familia e coa veciñanza, obrigándose tamén a cumprir as normas que rexen na comunidade de veciños. **Noveno:** a limpeza tanto da vivenda, mobiliario e demais enseres, como da escaleira e portal (como o resto da veciñanza), correrán a cargo do/a beneficiario/a o beneficiarios/as ocupantes do piso de emerxencia. **Decimo:O** concello en ningún caso se responsabilizarán das perdas de diñeiro ou outros obxectos de valor depositados polas persoas residentes no piso de emerxencia. **Decimoprimeiro.:** os/as residentes no poderán realizar copia das chaves do piso, nin deixalas a outras persoas. Ao finalizar a estancia, deberán entregar as chaves ó responsable do piso. **Decimosegundo:** as persoas residentes non poderán t almacenar materiais antihixiánicos e/ou perigosos. So poderán ter un animal de compañía **Decimoterceiro: o** persoal do concello poderá acceder ao piso de emerxencia sempre que o requira para desempeñar o traballo encomendado. **Decimocuarto:** o concello reservase o dereito de deixar sen efectos a presente cesión antes do prazo establecido sempre que se dean algunhas destas circunstancias: a) Si se resolvera a situación que motivou a falla de vivenda e en consecuencia poderán dispor de residencia propia. b) Si se incumprira calquera das condicións pactadas neste contrato. **En proba de conformidade e como ratificación plena deste convenio, firman o presente contrato no l lugar y fecha indicados.**A Alcadesa do concello de Cerdido O/A cesionario/a, **ANEXO IISOLICITUDE DE VIVENDA DE EMERXENCIASOCIAL SOLICITANTE:** Nome e apelidos:.....D.N.I.:.....Data de nacimiento e lugar:Domicilio:.....tfno:.....**COMPOÑENTES DA UNIDADE FAMILIAR:**


Nome e apelidos	Parentesco co solicitante	Idade	Acudirá ó piso de emerxencia

E X P Ó N: Que a unidade familiar da que forma parte vese obrigada a abandonar o domicilio habitual no que reside/n, e se atopa/n en situación de necesidade de aloxamento inmediato a causa de:- Declaración municipal de ruína inminente da edificación que servía de residencia habitual.....

- Relacións familiares insostibiles.....- Sinistro da vivenda (incendio, inundación,...) motivo polo cal quedar sen vivenda.....

- Outros supostos..........

OBSERVACIÓNS:.....**Polo que,SOLICITA: o acceso á Vivenda de Emerxencia, presentando para os efectos a documentación requirida.**



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

Cerdido, vinte e catro de febreiro de 2012. A Alcaldesa. Asdo. Ana Rodriguez Montero.
Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a mocion anterior engadíndolle a observación dada polo Concelleiro D. Roberto O. López López en relación o punto terceiro do artigo 2. que queda redactado do seguinte xeito: outros supostos especiais valorados polo traballador social do concello de Cerdido ou pola corporación local

A **Alcaldesa** explica que se pretende regular o uso das vivendas para poder dar cabida a casos de emerxencia social cando este sen alugar.

O **Concelleiro D. Roberto O. López López** afirma que el engadiria no artigo 2 no terceiro suposto outros supostos especial valorados polo traballador social do concello de Cerdido ou pola Corporación local

O **Concelleiro D. Benigno Galego Castro** anuncia que esta de acordo coa moción e indica que se debería amoblar algunha das vivendas para atender casos urxentes e propón amañar o baixo das vivendas para facer unha nova que solucionaría problemas a persoas con mobilidade reducida

13.2.- O **Concelleiro D. Roberto O. López López** presenta ante o pleno unha moción **acerca da reforma laboral fundamenta** a emerxencia na recente aprobación desta e a súa aplicación e engade que ten outra moción sobre o día de Rosalía pero non a presenta de urxencia se hai o compromiso de engadila no vindeiro pleno. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a incorporación da moción a orde do día, polo que a Secretaria deu lectura a moción seguinte: Grupo municipal do BNG.**

MOCIÓN DE REXEITAMENTO DA REFORMA LABORAL APROBADA POLO GOBERNO CENTRAL. O Goberno central vén de aprobar unha ampla reforma do réxime laboral, que suporá unha mudanza substancial no réxime de relacións laborais en Galiza..O Real Decreto-Lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, socava as bases sobre as que se asentaban as relacións laborais, contendo medidas concretas que, xa desde a súa entrada en vigor, limitan os dereitos dos traballadores e traballadoras, tanto no que atinxe aos seus dereitos económicos como á súa capacidade de negociación laboral. Porén, como o propio Goberno vén afirmando, esas medidas non contribuirán de xeito directo a xerar emprego nin a mellorar a estabilidade laboral das persoas que na actualidade ocupan postos de traballo en precarias condicións. Confírmase así, que o verdadeiro programa de Goberno do PP é aplicar unha política económica ao servizo de quenes máis teñen,


en prexuízo das maiorías sociais cuxo sustento depende do seu traballo. Constátase que o verdadeiro propósito do Goberno actual consiste en empregar a crise económica como pretexto para atacar os dereitos dos traballadores e traballadoras, rebaixando as súas condicións laborais. A reforma laboral aprobada debilita a posición das persoas traballadoras ao tempo que reforza os poderes de dirección da empresa, outorgándolle capacidade para interpretar e desenvolver de xeito unilateral as condicións de traballo pactadas tanto a nivel individual en contrato de traballo como as derivadas de acordos globais sustentados na negociación colectiva. Dese xeito, a nova regulación laboral:

- Reduce as indemnizacións por despedimento improcedente case nun terzo, afectando tamén a dereitos consolidados de traballadores e traballadoras contratados hai anos.
- Estende as posibilidades de abaratar os despedimentos, ao ampliar os supostos para poder extinguir contratos laborais por mor de causas obxectivas, en base mesmo a situacións conxunturais dunha empresa e non estruturais.
- Permite a aplicación de medidas de flexibilización interna de xeito unilateral por parte das empresas que favorecerán desde a extensión de regulacións de emprego, pasando pola mobilidade xeográfica forzosa, até mesmo a imposición obrigatoria de redución de xornadas e salarios.
- Desampara ás persoas traballadoras no caso dos despedimentos colectivos, ao eliminar o control da administración laboral na aprobación dos expedientes de regulación de emprego, obrigando a acudir a un control xudicial, tamén máis limitado.
- Crea un contrato indefinido específico, denominado “de apoio aos emprendedores”, mais aplicábel ao 99 por 100 da empresas en Galiza, que permite o despedimento libre e gratis total durante o primeiro ano.
- Racha co sistema de negociación colectiva sectorial e territorial, que beneficiaba ao colectivo de traballadores e traballadoras que desenvolven a súa profesión en actividades análogas ao homologar as condicións e traballo con independencia da empresa concreta onde traballan, deixando en mans da dirección empresarial a devaluación das condicións de traballo reguladas nos convenios de ámbito supraempresarial. A reforma laboral imposta de xeito unilateral polo Goberno central terá un impacto negativo nas condicións de traballo e económicas das persoas traballadoras neste concello, que son a maior parte da nosa poboación e merecen dun respaldo institucional perante o ataque emprendido contra os seus dereitos, que forman parte das conquistas sociais atinxidas en beneficio das maiorías sociais. O noso Concello debe expresar o seu rexeitamento a esta reforma laboral que, lonxe de ser equilibrada como se afana en difundir -con afán de confundir- o Goberno central, en realidade mingua dereitos regulados en normas públicas que favorecerían ás persoas traballadoras, para que fiquen a vontade das decisións empresariais e desposuídos de calquera capacidade de negociación e presión para mellorar as súas condicións socioeconómicas. Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal á reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro, instando ao Goberno central a:
 1. Proceder á derogación de dita norma.
 2. Acometer unha mellora das relacións laborais, en base ao consenso e negociación cos representantes sindicais, que protexa ás persoas traballadoras fronte á precariedade laboral e inclúa estímulos reais para a xeración de emprego de xeito inmediato.
2. Comunicar o presente acordo aos grupos parlamentares do Congreso de Deputados e Parlamento de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e Presidente da Xunta de Galiza. Cerdido 24 de febreiro de 2012. Asdo. Roberto Ó. López e López..

Os membros do Pleno en votación ordinaria e polo voto de calidade da Alcaldesa rexeitaron a mocion anterior. Catro votos a favor dos Concelleiros Don Benigno



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

Galego Castro, Don Álvaro Rodríguez Graña, Don Cándido Eusebio Prieto Lago e Don Roberto Oscar López López e catro votos en contra da mocion dos Concelleiros Juan José Ramos Prieto, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmoris Aldao,e o voto da Sra. Alcaldesa

O Concelleiro D. Roberto O. López López afirma que a reforma laboral non vai a xerar solucións para a crise económica, as causas da crise non están no tipo de contrato laboral, o que se pretende e eliminar todos os dereitos dos traballadores que se acadaron e que nos anos setenta levaron consigo incluso mortes co foi o caso de Amador e Daniel en Ferrol no ano 1972, que protestaban polas malas condicións de traballo nos estaleiros. Agora se mudan as condicións laborais para que o empresario poida botar o traballador por ter menos beneficios nos últimos dous meses, recorta dereitos e liberdades consolidados e facilita ós empresarios precarizar as condicións laborais. Cando se aprobou a Constitución europea, aprobouse con ela a liberdade de capitais o que significa que os empresarios poden ir a países nos que se traballe mais barato e mais tempo. Esta reforma aumentará o paro e fará perder poder adquisitivo os traballadores polo que non se dinamizará o consumo. Esta reforma fomenta a violencia entre a xente dado que a precariedade afoga os traballadores

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro, explica que coa reforma se vulneran os dereitos dos traballadores e todos os sectores sociais están en contra agás os empresarios, esta reforma posibilita entre outras cousas, realizar contratos en practicas por un ano sen indemnización, con nove días de ausencia en dous meses te poden votar, aínda que teñas baixa médica, se perde a igualdade coa regulación do permiso de paternidade, se posibilita a mobilidade xeográfica dos traballadores, as pequenas e medianas empresas perden o negociador sindical e o empresario pode nomear a un interlocutor para mediar.

A Alcaldesa engade que vaille dar un voto de confianza a reforma feita e espera que así salgamos da crise canto antes

14.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro realiza as seguintes rogos e preguntas:

1.- Segundo aparece nos comentarios da prensa, vaise ampliar a rede de internet por toda Galicia, se prevén melloras en Cerdido ?.

A Alcaldesa afirma que non lle confirmaron nada pero si que instalaram uns mecanismos para facilitar a utilización de internet nos móbiles

2.- Aparece nos xornais que Cerdido acepta a fusión entre concellos, solicita que se aclare o tema.

A Alcaldesa engade que os periodistas din o que queren e que unicamente se falou na reunión de poder xestionar servizos dun xeito conxunto, pero non de fusión

3.- No Diario de Ferrol, apareceu a noticia de que dende a alcaldía íase fomentar a gandería e a agricultura e ordenar o monte, cal van a ser as medidas a adoptar ? Non hai interese no Polígono Industrial ?

A Alcaldesa afirma que nada dixo sobre a gandería e agricultura dado que existen poucas explotacións en Cerdido, o que se dixo é que se ía intentar ordenar o monte e intentar solicitar que a Administración non cobre polas permutas, e afirma que si ten interese polo Polígono Industrial así como tamén pola Vía de alta capacidade tendo reunións cos concellos da comarca afectados.

4.- No anterior pleno se falou dunha subvención de abastecemento e saneamento da deputación, xa se sabe de canto vai a se ? Ten abastecemento de auga na Casilla ?

A Alcaldesa afirma que a subvención que se prevía era poder aproveitar as baixas do PCC, que se aprobaron hoxe no pleno, e afirma que na Casilla hai abastecemento de auga

5.- Se sabe algo das obras que se pretendían facer no Castro cunha subvención ?

A Alcaldesa contesta que non se van a realizar dado que Patrimonio non autorizou ningún tipo de obra, nin a reparación do tellado. O Concelleiro D. Benigno Galego Castro solicita ver a Resolución de Patrimonio.

6.- Cando se van a entregar os informes técnicos solicitados noutros plenos sobre as modificacións de obra?

A Alcaldesa concreta que pensou que Estudio Técnico Gallego xa os entregara. O Concelleiro D. Benigno Galego Castro propón que se realice unha comision de investigación para mirar os proxectos de obra co Arquitecto.


7.- Os cartos que sobraron da Asociación de amigos da Barqueira, en que se van a empregar ?

A Alcaldesa afirma que se adicaran a calquera outra feira

8.- Como vai o tema de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal para poder ampliar o cemiterio así como outras modificación posibles como o cambio da depuradora ?

A Alcaldesa engade que se esta traballando nestes modificacións

9.- Como esta o tema da nave almacén de Os Casas ? E roga que cando se teña o proxecto se poda ver. A Alcaldesa espera que en marzo a Deputación lle asigne os fondos



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

10.- Aclarouse o tema da auga sen clorar dun bar do concello ? A Alcaldesa cree que o bar ten dúas traídas e cando veu o inspector estaban utilizando a traída propia, e considera moi difícil que non teña cloro a auga municipal porque na Estación de Barbelas hai un dosificador de cloro automático

11.- Cando se pensa amañar a antiga estrada AC 110, na zona de Os Casás. A Alcaldesa afirma que pediu a Xunta o seu amaño.

Así mesmo o Concelleiro D. Benigno Galego Castro roga a Alcaldía poder asistir as certificacións de obra, así como solicita un local para os grupos políticos e que se poidan gravar os plenos. A Alcaldesa constátalle que xa o pensará.

O Concelleiro D. Roberto O. López López fai a seguinte pregunta.

Recentemente saíron unhas axudas par poder ter os concellos unha persoa de asesoramento laboral, que requiría a unión de varios concellos con que se uniu Cerdido ?

A Alcaldesa afirma que foron varios os concellos que solicitaron a unión con eles para poder contar con este persoal pero que o final se uniron con Ortigueira porque tiñan que ter a oficina de emprego común, por isto non se puido unir con San Sadurniño, pero cree que este concello non tivo problemas para solicitar a subvención porque se uniu con outros limítrofes que teñen a oficina de emprego en Ferrol.

Dado en Cerdido, a vinte e oito de febreiro de dous mil doce, as vinte e dúas horas e dez minutos: Do que eu, como secretaria dou fe:

A Secretaria

A Alcaldesa

Asdo. Paula Día Tie

Asdo. Ana Rodríguez Montero